



CARTEL 0
RETRATO DE ÁLVAREZ BLÁQUEZ
POEMA "AMIGO"

Que mellor presentación para un poeta que un dos seus poemas. Iso pensamos e por iso neste primeiro cartel quixemos -ademais de poñerlle cara ó nome merecedor da nosa admiración polo seu incansable e prolífico labor a prol da nosa lingua e da nosa cultura- presentalo a través dun dos seus poemas "Amigo".

Adestrando a memoria...

Antes de centrarnos na figura de Xosé María Álvarez Blázquez a quen, como xa sabes, se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas, pensamos que a análise do poema que aparece neste primeiro cartel a carón do seu retrato podería ser unha boa forma de renderlle unha persoal homenaxe. Así que empezaremos por aí se che parece ben?

1. Cantas estrofas ten o poema Amigo?
2. Indica o tema do poema.
3. A quen se dirixe o "eu poético"?
4. Que versos son paralelísticos?
5. Cal é a palabra que máis se repite no poema?
6. Que trazos da literatura medieval se aprecian neste poema?
7. Por que, pese a ter unha forma similar á das cantigas, non podería ser un texto da Idade Media?
8. Cales son os dous topónimos que aparecen mencionados no texto? Saberías onde poden estar localizados?
9. Por que cres que o autor lle puxo por título "Amigo" a este poema?
10. Reescribe o contido do poema en prosa.



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



Para saber máis:

Tenta lembrar todo o que sabes sobre este día tan importante para as nosas Letras e verás como sen dúbida poderás achegar a maioría da información que che pedimos de seguido. No caso de que teñas algunha lagoa, recorda que podes botar man de calquera manual, enciclopedia, buscador -se che deixan- e demais medios que teñas á túa disposición. Anímate e lánzate!!!

1. Que institución consagrou con carácter de perdurabilidade o do Día das Letras Galegas?
2. Por que se escolleu o 17 de maio para celebrar o do Día das Letras Galegas?
3. Que pretende recoller a proposta do Día das Letras Galegas?
4. Que tres membros da Real Academia Galega presentaron a proposta de celebrar o 17 de maio como o Día das Letras Galegas?
5. Que acollida tivo na época a proposta da RAG?
6. En que ano se celebrou o primeiro Día das Letras Galegas? A quen se homenaxeou daquela?
7. Que condición indispensable debe cumprir un escritor para que lle dediquen o DLG?
8. Este ano, dedícaselle o Día das Letras Galegas a Álvarez Blázquez, quen foron os dez últimos homenaxeados? e os dez primeiros?
9. De cales destes vinte homenaxeados liches algunha obra literaria?
10. Houbo algún persoeiro do teu concello ou comarca a quen se lle dedicasen o Día das Letras Galegas? En que ano foi?



CARTEL 1

LIÑA DO TEMPO (1915-1985)

Este primeiro cartel é sen dúbida o que condensa a maior información sobre Álvarez Blázquez. Para tentar simplificar un pouco toda esa cantidade de datos, tras ler a información do cartel elabora tres liñas de tempo separadas: unha biográfica, outra da obra literaria e outra da obra non literaria.

Adestrando a memoria...

Se te fixaches ben nas datas anteriores e sabes algo de literatura española... Anímate e proba a facer o seguinte cuestionario para ver cantas podes responder... Se non as sabes todas, sempre te podes axudar do libro de texto, a enciclopedia ou de internet!!!

1. Que obra publica Álvarez Blázquez no ano en que nace o autor de *EL cementerio del automóvil*?
2. No ano en que Álvarez Blázquez entra na "Federación de Mocedades do Partido Galeguista", Pedro Salinas publica unha das dúas obras máis coñecidas. Cal é? En que ano se publica?
3. No ano en que Álvarez Blázquez obtén o seu primeiro destino como mestre na Guarda, que obra publica V. Aleixandre pola que lle outorgan o Premio Nacional de Literatura?
4. No ano en que Álvarez Blázquez ingresa no Partido Galeguista morren importantes autores de literatura castelá. Cita algúns nomes. Que acontecemento histórico importante aconteceu nese ano?
5. No ano en que Álvarez Blázquez publica *Crecen las aguas*, Juan Ramón Jiménez gaña o Nobel de Literatura, en que ano foi?
6. Indica que obra publicou Miguel Hernández en lingua castelá o mesmo ano que desterran a Álvarez Blázquez para Corese.
7. Con que obra Álvarez Blázquez queda como finalista do 1º Premio Nadal de novela? En que ano foi publicada a obra? Que obra publicou ese mesmo ano Max Aub?
8. No ano en que morre M. Machado, Álvarez Blázquez estrea, en colaboración co seu irmán Emilio, as súas únicas obras teatrais: *El zapato de cristal*, *Cuento escenificado* e *Los pasos altivos*. *Comedia en tres actos*, en verso. De que ano estamos a falar?
9. En 1949 Álvarez Blázquez é nomeado membro correspondente da Real Academia Galega o 17 de abril, nese mesmo ano publícase *Historia de una escalera*. Quen é o autor da obra? Busca información sobre a súa biografía e sobre a súa obra literaria.



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



10. No ano en que Guillén publica a última edición de *Cántico*, que obra publica Álvarez Blázquez?
11. Que obras publica Álvarez Blázquez no ano en que morre Jardiel Poncela?
12. No ano en que Álvarez Blázquez publica o *Romance do pescador pelerriño*, que obra publica J. Fernández Santos? E Ignacio Aldecoa?
13. Que obra publica Blas de Otero no ano en que Álvarez Blázquez publica *Las estatuas no hablan*?
14. No ano en que Álvarez Blázquez publica *Crecen las aguas*, nace o autor de *El invierno en Lisboa*, de que autor falamos?
15. No ano en que Gil de Biedma publica *Compañero de viaje*, que obra publica Álvarez Blázquez?
16. No ano en que Álvarez Blázquez é elixido membro numerario da RAG, ocupando a vacante deixada por Aquilino Iglesia Alvariño, Luis Martín Santos publica a súa obra máis coñecida, cal é?
17. Que fundan os irmáns Álvarez Blázquez no ano en que morre Luis Martín Santos?
18. No ano en que Álvarez Blázquez lle vende á editorial Galaxia os fondos de Edicións Castrelos, morre un importante autor da literatura castelá, quen?
19. No ano no que morren o autor de *Imán* (1930) e o autor de *Escuela de Mandarines*, Álvarez Blázquez publica *Alexandro Bóveda. Apunte biográfico*. De que autores falamos? De que ano? Que lle aconteceu á edición?

Para saber máis:

E seguindo cos anos....

Que sabes sobre os 80 anos do século XX nos que viviu Álvarez Blázquez? Que pasou en Galicia, e no resto do mundo entre 1915 e 1985?

Sabes en que ano.....?

1. En que ano se funda a Editorial Galaxia?
2. En que ano se consegue sintetizar por primeira vez o ADN?
3. En que ano estourou a Guerra de Vietnam?
4. En que ano comezou a Revolución Rusa?
5. En que ano, coincidindo coa Gran Depresión, se funda en Galicia a ORGA. Saberías dicir ademais que significan esas siglas?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



6. En que ano é aprobado en referendo o Estatuto de Autonomía de Galicia? Desde cando está en vigor?
7. En que ano escribiu Weber "Economía e Sociedade"?
8. En que cidade e que ano se fixo a primeira edición de Arco (Feira Internacional de Arte Contemporánea)?
9. En que ano pintou Dalí o primeiro cadro surrealista. Busca o título desta obra.
10. En que ano edita Castelao o album Nós?
11. En que ano se comeza a construción da Pirámide do Louvre?
12. En que ano enuncia Einstein a súa Teoría da Relatividade?
13. En que ano naceu a OTAN?
14. En que ano morreu Franco?
15. En que ano apereceu a primeira versión de Microsoft Windows, un programa que usamos practicamente a diario?
16. En que ano se aprobou a Lei Xeral de Educación que ampliaba a escolaridade obrigatoria ós 14 anos?
17. En que ano foi o intento de golpe de estado militar encabezado polo tenente-coronel Tejero?
18. En que ano se incorpora España á ONU?
19. En que ano se lle permitiu á muller ingresar na Universidade de Santiago de Compostela?
20. Dende que ano poden as mulleres acceder ó corpo de Policía Nacional?
21. En que ano podemos ver no noso ceo por última vez o cometa Halley que nos visita cada certo tempo?
22. En que ano chegou o movemento *dadaísta* a Francia?
23. En que ano tivo lugar a primeira edición das *24 horas de Le Mans*?
24. En que ano o voleibol foi considerado olímpico?
25. En que data se creou a Federación Española de Voleibol?
26. En que ano nace en Santiago de Compostela o grupo "Voces Ceibes"?
27. En que ano deu Miguel Primo de Rivera o golpe de Estado, iniciándose así unha ditadura?



CARTEL 2

TUI

Despois de ollar un pouco o cartel xa coñeces algúns datos sobre a nenez e a mocidade do homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008 (nacemento, familia, fogar, influencias e primeiros pasos cara a poesía).

Adestrando a memoria...

Bótalle coraxe e intenta darlle resposta ás preguntas seguintes. Veña, lánzate!!!

1. En que ano nace Álvarez Blázquez?
2. Cal é o nome completo de Álvarez Blázquez?
3. A que se dedicaba o pai de Álvarez Blázquez? Cal era a súa especialidade? Explica en que consiste este traballo.
4. Quen escribe a primeira obra teatral galega de temática histórica? Que relación ten este autor con Álvarez Blázquez?
5. Cal é a única ascendencia de orixe galega de Álvarez Blázquez?
6. A que idade morre o pai de Álvarez Blázquez e por que causas?
7. Que persoa do seu entorno familiar incide moi directamente en Álvarez Blázquez?
8. Con que personaxe da cultura galega estivo emparentado Álvarez Blázquez?
9. Intenta saber o porque de cada un dos nomes que lle puxeron a Álvarez Blázquez relacionándoo cos nomes dos seus ascendentes.
10. Que significado ten "rollo" en castelán?
11. Álvarez Blázquez utiliza un hipocorístico e o nome da súa casa para asinar algún dos seus poemas. Cal era ese pseudónimo?
12. Cal era o lugar de vacacións da familia de Álvarez Blázquez ?
13. En que ano publica os seus primeiros versos?

Para saber máis:

A ver como andas de cultura xeral... Atrévete e adresta a túa faceta de investigador/a!!!

1. Sitúa nun mapa o lugar de nacemento dos avós maternos e paternos de Álvarez Blázquez.
2. En Galicia é moi frecuente que as persoas sexan coñecidas por un hipocorístico ou un alcume seguido do nome da súa casa. Nomea algún exemplo.



Día das Letras Galegas 2008

Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



3. A xeito de xogo, cita (se é que xa o ten) ou inventa un nome para algunha peneda, árbore ou lugar do teu contorno.
4. Que nome reciben os habitantes de Tui?
5. Que son os xentilicios?
6. Busca xentilicios galegos en masculino e feminino.
7. Que índice de poboación tiña Galicia cando naceu o autor?
8. Durante a infancia e a mocidade de Álvarez Blázquez incrementouse un fenómeno que viña decimando a poboación galega desde o séc. XVIII e que outros autores como Rosalía ou Curros xa denunciaran nas súas obras. De que fenómeno falamos?
9. Analiza o lugar de nacemento do homenaxeado e a familia á que pertence. Cal sería a súa lingua materna? Que lingua che parece que falaría na súa casa?
10. Cales eran os usos lingüísticos nas vilas e cidades galegas na época en que naceu o autor? Que sectores da poboación estaban máis castelanizados?
11. No mesmo ano no que nace o autor un poeta cambadés publica unha das súas obras poéticas. De que título falamos e quen é o poeta?
12. Cales foron os sectores industriais nos que se produciu un despegue a comezos do século XX?
13. Cales eran os elementos do sistema político herdado na restauración que rexían nos primeiros anos do século XX?
14. Un ano despois de que nacera o autor fúndase na Coruña a primeira Irmandade da Fala. Quen foi o impulsor da iniciativa? Busca que outros nomes están vinculados á fundación das Irmandades.
15. Cales eran os obxectivos cos que naceron as Irmandades da Fala? Cal foi a primeira publicación, que se utilizou como voceiro, das Irmandades da Fala?
16. O programa lingüístico das Irmandades da Fala partiu da demanda da "cooficialidade do galego e castelán", pero que outras reclamacións incluía?
17. Os membros das Irmandades despregaron unha intensa actividade por toda Galicia entre o 1916 e o 1936. Que foi o que conseguiron?
18. En 1922 produciuse unha ruptura entre os dous núcleos máis importantes das Irmandades, que eran o da Coruña e o de Ourense. Cales foron os principais motivos de discrepancia? Trala ruptura como se denominaron cada unha delas?
19. Que medidas represivas sobre a nosa lingua impón o ditador Primo de Rivera?
20. Que importante revista galega apareceu en Galicia no ano 1920? Quen foron os seus fundadores e principais colaboradores?



CARTEL 3

PONTEVEDRA

Co cartel sobre a mocidade de Álvarez Blázquez en Pontevedra, seguiches os seus primeiros pasos cara unha longa e frutífera traxectoria profesional.

Adestrando a memoria...

Vexamos todo o que lembrás sobre a información que aparece neste cartel. Tócache a ti. Adiante!!!

1. En que dúas vilas galegas estuda Álvarez Blázquez?
2. Con que familiar vive Álvarez Blázquez mentres estuda bacharelato e maxisterio? En que localidade?
3. Que revista axuda a fundar Álvarez Blázquez en Pontevedra? Canto tempo se publicou?
4. Que escritores colaboraron na devandita publicación?
5. Cal é o parentesco que hai entre a dona de Bóveda e Álvarez Blázquez?
6. Álvarez Blázquez na súa época aínda de estudante, escribe no ano 1934 un artigo protestando por unha publicación do Ministerio de Instrucción Pública e Bellas Artes . Cal é o motivo da súa protesta?. Como se titula o artigo?
7. Desde as Mocidades Galeguistas organízase un acto en honor ós mártires de Carral. Que papel desempeñou Álvarez Blázquez nesta homenaxe? E Bóveda?
8. Cales foron os motivos polos que non remata os seus estudos na Universidade compostelá?

Para saber máis:

Seguro que quedaches con ganas de saber un montón de cousas máis... Pois para que iso non sexa un problema, aquí atoparás preguntas abondas para que te divirtas investigando e aprendendo. Sorte!

1. Sabes onde está Carral? Localízao nun mapa.
2. O acontecemento máis importante da historia moderna de Carral foi ser o escenario do triste final do coronel Solís e dos militares que o acompañaron no levantamento contra o presidente Narváez... falamos de que ano e que circunstancias históricas, políticas e sociais desencadearon os feitos?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



3. Indica como é o monumento que se levanta nesa vila en homenaxe ós militares fusilados.
4. En 1932, a revista *Cristal* sae publicada en seis números, consulta na páxina web do patrimonio bibliográfico de Pontevedra <http://www.depontevedra.es> a información que aparece sobre ela.
5. A revista *Cristal* é unha revista literaria igual ca moitas outras que xurdiron nesa época por Galicia. Cita outras tres, indicando o lugar onde se editaron e quen foron os seus fundadores e/ou directores.
6. Álvarez Blázquez previo ó seu ingreso no Partido Galeguista (PG), forma parte das Mocidades da devandita organización. Durante canto tempo?
7. En que ano se forma o PG e cal era a súa filosofía política e social?
8. Sabes por que Álvarez Blázquez chama a Bóveda "Alexandro" e non Alexandre como é máis comunmente coñecido?
9. Indica cal foi o labor máis destacado que realizou A. Bóveda na súa curta vida.
10. Que é unha arenga? Tenta escribir ti unha.
11. En que lingua daría clase X. M. A. B ós nenos da súa primeira escola? Que lingua falarían eses nenos?
12. Sabes cantas escolas había en Galicia en 1935? E cantos mestres?
13. Cales foron as iniciativas das Irmandades durante os anos 20 para tentar contrarrestar a situación de marxinación que sufría o galego no ensino?
14. O Partido Galeguista vai continuar coas reivindicacións lingüísticas que formularan as Irmandades. Saberías cales son exactamente as que recolle o seu programa?
15. Dous representantes do Partido Galeguista defenderon a cooficialidade do galego na Constitución da II República no Parlamento español. De quen falamos?
16. Cando se aprobou o primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia?
17. É verdade que no primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia se aprobou a cooficialidade do galego e o dereito ó seu uso na escola?
18. Que lingua tería que usar o autor se quedase dando clase en Galicia despois de 1936? E cal se viu obrigado a usar na nova escola para onde o desterraron?
19. A poboación galega, a comezos do séc. XX presenta a típica dispersión territorial que ten hoxe, pero comezan no primeiro terzo do século as migracións ás cidades. Sabes cal era a porcentaxe de poboación urbana en Galicia en 1930?



CARTEL 4

VIGO - EXILIO - VIGO

Este cartel achegouche información sobre a vida e a obra de Álvarez Blázquez. Despois de telo ollado un pouco xa sabes un pouco máis sobre o camiño que seguiu Álvarez Blázquez ao rematar os seus estudos.

Adestrando a memoria...

Toca demostrar todo o que aprendiches ollando o cartel Vigo - Exilio - Vigo. A traballar!!!

1. Que estudos cursou Álvarez Blázquez?
2. Onde traballou por primeira vez?
3. Por que foi sancionado en decembro de 1936 Álvarez Blázquez?
4. En que consistiu a sanción?
5. Canto tempo residiu na localidade zamorana de Coreses?
6. Que poemario en castelán compuxo en Coreses?
7. Cando deixa o ensino Álvarez Blázquez, a que se dedica?
8. Anos máis tarde, o autor do que falamos ha de volver á ensinanza. Onde? De que dará clases?
9. En que Confraría de pescadores traballou o autor? Que cargo desempeñou?
10. En 1966 Álvarez Blázquez traballa en Asturias? A que se dedica alí? En que cidade se instala?
11. Que relación tivo o homenaxeado coa política nos anos 70?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



Para saber máis:

Xa sabes, agora hai que pescudar un pouco para atopar a información que che permita darlle resposta ás preguntas que seguen.

1. Onde está o concello da Guarda? Cantos habitantes ten hoxe e cantos tiña cando Álvarez Blázquez foi para alí?
2. Sitúa nun mapa a localidade zamorana de Coreses? A que se dedican principalmente alí os seus habitantes?
3. Averigua que función e utilidade ten unha confraría de pescadores. Como está organizada? Cantas hai en Galicia?. Indica outros movementos asociativos que existan no teu contorno.
4. Localiza a cidade de Oviedo nun mapa da península. Investiga que obra literaria en castelán moi famosa se desenvolve nesa cidade asturiana, baixo o nome de Vetusta.
5. X. M. Álvarez Blázquez sufriu a represión franquista co desterro, pero houbo outras figuras destacadas da nosa cultura que correron aínda peor sorte. Saberías nomear algunhas destas vítimas?
6. Que características específicas presentou o desenvolvemento da Guerra Civil española en Galicia?
7. Canto tempo lles levou ós militares e falanxistas impoñer a vitoria na nosa comunidade?
8. Que eran os "escuadrones del amanecer"?
9. Quen foron os *Foucellas*? Que importancia tiveron?
10. Álvarez Blázquez foi desterrado no 1937. Coñeces no pasado e no presente persoas que polas súas ideas ou compromisos sociais, políticos, relixiosos, etc., sexan vítimas desta situación?
11. A represión lingüística desenvolvida durante o franquismo foi terrible. As autoridades encargáronse de difundir a idea de que o galego era un dialecto, unha forma de falar vulgar, propia de xente sen cultura. Mostra moi clara disto é un panfleto difundido en 1955 que dicía: "Hable Bien. Sea patriota...." Averigua que máis poñía o texto. En que cidade galega se distribuíu?
12. Durante o franquismo, Otero Pedrayo vai protagonizar un escándalo ó usar o galego nun acto público, cando estaba prohibido o seu uso fóra do ámbito familiar. Saberías dicir en que ano e en que cidade ocorreu tal feito?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



13. Durante os anos 60 producíronse transformacións económicas moi grandes en Galicia. En que consistiron?
14. O Partido Galeguista non sobreviviu na posguerra. Quen decidiu a súa disolución? En que data?
15. Ó mesmo tempo que se funda a editorial Monterrey, nace outra editorial en Galicia. Cal? Quen a funda? Onde? Con que finalidade?
16. Mentres Álvarez Blázquez desenvolvía o traballo de recuperación da cultura en Galicia, moitos outros estaban traballando desde o exilio. Nomea algunhas das figuras máis importantes da nosa cultura que estaban a traballar no exilio neste momento.
17. Cales son os países de acollida da maioría dos exiliados?
18. Que traballo de recuperación cultural se desenvolveu no exilio?
19. A recuperación do idioma na posguerra aparece relacionado cunha serie de asociacións culturais que se espallan pola comunidade. Serás capaz de citar os nomes das de Santiago, A Coruña, Pontevedra, Ribadavia, Viveiro, Ourense ou Ribadeo?
20. Que partidos nacionalistas xorden nos anos 60 en Galicia? Quen os funda?
21. Cando se fundou a Cátedra de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Santiago? Quen foi o primeiro catedrático?
22. Quen foron os primeiros en cantar en galego en Galicia na posguerra?
23. A televisión foi un dos factores que máis contribuíu na expansión masiva do castelán en Galicia. Sabes en que ano comezan as emisións de televisión en España?
24. Álvarez Blázquez foi nomeado correspondente da Real Academia Galega en 1949. Averigua que función ten para a cultura de Galicia esta institución.
25. Xa nos últimos anos do franquismo vai aparecer o galego na televisión. En que programa? En que período se emitiu?
26. Álvarez Blázquez deu clase en Vigo a partir de 1969. Podería usar daquela o galego nas aulas? E os seus alumnos poderían falarlle en galego? Averigua cando se foi producindo a introdución da lingua vernácula no ensino en Galicia.
27. Os últimos anos da vida de Álvarez Blázquez coinciden cunha crise industrial en Galicia: os famosos procesos de reconversión. En que consistiron?
28. Que grandes empresas se crearon en Galicia desde a posguerra ata a morte de Álvarez Blázquez?



CARTEIS 5 e 6

OBRA LITERARIA (1 e 2)

O POETA (OBRA EN GALEGO)

POESÍA VARIA - O NARRADOR - O DRAMATURGO

Estes dous carteis teñen unha especial relevancia. Como puidiches apreciar, conteñen a creación literaria de Álvarez Blázquez que, como xa sabes, non se limitou á poesía. Xa coñeces algo mellor a súa faceta de escritor.

Adestrando a memoria...

Agora tócache demostrar a túa capacidade de memorización. Quen dixo medo? Adiante e a por todas!!!

1. A que idade comeza Xosé María Álvarez Blázquez a escribir versos? Cando publica os primeiros poemas? Onde os publica?
2. *Poemas de ti e de min* consta de poemas compostos por dous autores. De quen estamos a falar?
3. En que consiste a tendencia poética do neotrobadorismo?
4. A quen lle dedica Álvarez Blázquez os poemas que compoñen *Roseira do teu mencer*?
5. Cando e como se presenta a obra *Cancioneiro de Monfero*? Por que cres que se organizou así?
6. Que obra de Álvarez Blázquez recibe o premio "Eduardo Pondal" do Centro Galego de Bos Aires?
7. A quen loa Álvarez Blázquez no seu poema *Romance do pescador peleriño* (1954)?
8. En que poemas Álvarez Blázquez utiliza o pseudónimo Pepe do Rollo? De onde provén este alcume?
9. A que escritor galego lle dedica un poema Álvarez Blázquez con motivo do seu pasamento?
10. Di cal é o tema dos poemas exposto no cartel.
11. En que ano foi publicada a obra *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



12. Que obra escrita en castelán foi finalista do Premio Nadal o ano que gañou este premio Carmen Laforet, coa súa obra *Nada*?
13. Quen traduciu ó galego dúas obras en castelán do autor homenaxeado?
14. Onde está ambientada *Na vila hai caras novas* (*En el pueblo hay caras nuevas*)?
15. En que cidade está ambientada a obra narrativa *Las estatuas no hablan* (1955)?
16. Por que motivo a maior parte da obra narrativa de Álvarez Blázquez está escrita en castelán?

Para saber máis:

Chegou o momento de poñer a traballar os miolos a toda máquina. Recorda, busca, investiga, le, pregunta... Todo vale!!!

1. Quen é Emilio Álvarez Blázquez?
2. De quen é o alcume "Colorín"? Por que lle foi posto?
3. Define: popularismo, imaxinismo e neotrobadorismo.
4. Cita algúns poetas da literatura galega que se poidan adscribir a algún destes -ismos.
5. O neotrobadorismo é un movemento de vangarda que se deu en Galicia ó mesmo tempo ca outros. Cita tódolos movementos de vangarda que tiveron lugar en Galicia e indica en que se diferencian do neotrobadorismo.
6. Investiga que autores doutras literaturas traballaron coa tendencia poética do neotrobadorismo.
7. Busca información sobre os xogares e os trobadores. Cita as súas diferenzas e semellanzas e dá nomes duns e doutros.
8. Determina que características métricas ten o verso branco. Cita algún outro autor que escribise poemas en verso branco.
9. Indica o tema do poema "Amigo" (presente no cartel de presentación) e explica que tendencia poética se aprecia neste poema.
10. Álvarez Blázquez escribe un poema á morte de Cabanillas. En que ano morreu este autor? Que idade tiña cando morreu? Que tipo de poesía escribiu?
11. Sabes cando e como se coñeceron o autor homenaxeado e R. Cabanillas?
12. Cabanillas tiña un amigo que tamén se apelidaba Álvarez. De quen se trata? Localiza un poema que lle dedicou a este amigo.



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



13. Busca información sobre a familia de Álvarez Blázquez. Cres que os seus achegados influíron na súa vocación literaria?
14. Investiga onde presentou o autor o poema *Xohaniña*?
15. Quen escribiu o limiar para o seu primeiro libro de poemas *Abri!*? Que tipo de limiar é?
16. Reflexiona e indica en que medida as circunstancias políticas e sociais dun país poden influír na creación literaria.
17. Busca máis información sobre a obra narrativa de Álvarez Blázquez escrita en galego.
18. Arredor do ano en que Álvarez Blázquez publica *Las estatuas no hablan*, aparecen publicadas obras narrativas en lingua galega. Serías capaz de indicar de que títulos falamos? Quen eran os autores?
19. Busca información sobre a obra *Nada*: argumento, personaxes, espazo, tempo, narrador...
20. Localiza nun mapa a cidade na que está ambientada a obra narrativa *Las estatuas no hablan*.

Para saber aínda máis:

Como din que o saber non ocupa lugar, pois vaíamos un pouco máis lonxe e profundicemos un chisco literariamente falando!

Que tal se agora imos dar unha volta literaria alén das fronteiras de Galicia? Vexamos que pasou nas terras veciñas, no que lle atinxe á produción literaria, na época de Álvarez Blázquez.

Literatura portuguesa

1. No ano en que nace A. Blázquez, sae á luz en Portugal unha revista que lle vai dar nome a toda unha xeración que protagoniza o modernismo portugués. De que revista falamos?
2. En 1935 morre un famoso poeta que influíu considerablemente na xeración anterior. De quen se trata?
3. O poeta anterior escribe, entre 1913 e 1934 unha obra con influencia saudosista. Cal é o seu título e a súa temática?
4. En que ano publica *Cartas íntimas* Eça de Queiroz? Cal é o seu argumento? Cita outras dúas obras do autor.



Día das Letras Galegas 2008

Xosé María Álvarez Blázquez

GUÍA DIDÁCTICA



5. O poeta Álvaro de Campos sufriu unha evolución moi clara na súa temática. Indica as tres fases polas que pasa a súa poesía e sinala unha obra característica de cada unha delas.
6. No ano 1940 publicouse a obra "Bichos". Quen é o seu autor? Cita outras tres obras narrativas e algunha obra de poesía dese autor.
7. A novela portuguesa *O anjo ancorado* publicada no ano 1958 de quen é? Neste ano Álvarez Blázquez obtén un premio da Asociación de Prensa de Vigo, por que traballo?
8. Nelida Piñón é unha autora brasileira de orixe galega. *O calor das coisas* é unha obra súa publicada en vida de Álvarez Blázquez. De que ano é? Indica que outros títulos saíron á luz en vida do autor?
9. En 1963 estréase o *Acto de primavera*, que é unha das obras principais na carreira dun cineasta portugués. De quen falamos? Neste mesmo ano Álvarez Blázquez participa nos "Primeiros Coloquios Etnográficos", onde teñen lugar?
10. No 1984 publicouse a novela *A república dos sonhos*. De quen é? Onde transcorre a súa trama?
11. Pepetela é un autor angolano que escribiu no ano da morte do autor das letras unha obra, de que obra se trata? Dinos outras dúas obras deste autor.

Literatura castelá

1. Que coñecido poeta autor de *Azul e Cantos de vida y esperanza* faleceu en 1916?
2. Que obra de Valle-Inclán se publicou no ano 1926?
3. Quen é o autor da obra publicada no ano 1934 titulada *Yerma*?
4. Que tres autores morreron coincidindo co estourido da Guerra Civil española?
5. Que obra publicou A. Buero Vallejo no ano en que Álvarez Blázquez, conxuntamente co seu irmán Emilio, publicou *Poemas de ti e de min*?
6. Quen é o autor da obra *Ángel fieramente humano* publicada no ano en que Álvarez Blázquez publica *Roseira do teu mencer*?
7. Que obra publicou Claudio Rodríguez en 1953?
8. Achega información sobre a vida e obra de García Lorca.
9. Que obra publicou Guillermo Carnero no ano 1967? Achega información sobre este autor.



Literatura francesa

1. Que novela, para moitos a súa mellor obra, publicou Louis-Ferdinand Céline no ano 1932?
2. Que nome recibe a obra poética que publicou Paul Éluard no ano 1936?
3. Que famoso filósofo, escritor e crítico francés, que rexeitou o premio Nobel de literatura en 1964, publicou no ano 1938 a súa primeira novela *La Nausée* (A Náusea)?
4. En 1942 Albert Camus publica dúas das súas novelas máis coñecidas. Cales son?
5. Onde se publicou en 1943 *Le Petit Prince* (O Principiño) de Antoine de Saint-Exupéry?
6. O 1 de maio de 1944 aparece unha obra poética colectiva, editada na clandestinidade, na que algúns dos grandes poetas franceses da época (Pau Éluard, Louis Aragon, Robert Desnos...) amosan a súa insubmisión fronte ó nazismo. Con que título se coñece esa obra?
7. En que ano publicou Jacques Prévert o seu libro de poemas *Paroles* (Palabras)?
8. Que premio recibiu o escritor e incansable viaxeiro André Gide en 1947?
9. *Les Justes* (Os Xustos) é o título dunha obra teatral, un drama en cinco actos que se representou por primeira vez en París o 15 de decembro de 1949 no Teatro Hébertot. Saberías dicir quen é o seu autor?
10. En que ano publica Françoise Sagan, con só 18 anos, a súa primeira novela *Bonjour Tristesse* (Bos días Tristeza) que posteriormente sería levada ó cine por...?
11. De que escritora, guionista e realizadora é a peza teatral *Des journées entières dans les arbre* (Días enteiros nas árbores)?
12. Un escritor, dramaturgo, cineasta e académico francés publica entre 1962 e 1963 a magnífica novela en dous tomos *L'eau des collines: Jean de Florette* e *Manon des Sources*. De quen se trata?



CARTEL 7

OBRA NON LITERARIA (1)

INVESTIGADOR - COMPILADOR - BIÓGRAFO

Con este cartel puidéchestes decatarse de que Álvarez Blázquez, ademais de mestre, escritor, político, empresario, etc., tamén foi investigador, compilador e biógrafo. Non está mal, verdade?

Adestrando a memoria...

A ver se realmente retiveches algo do que liches ou se simplemente estiveches "vexetando" diante dos carteis. Listo/a? Xa!

1. A que etapas ou períodos da nosa literatura dedica Álvarez Blázquez os seus estudos?
2. Que obra publica en 1953? Nela presenta a autores e intérpretes que viven entre 1198 e 1346, pero que nome reciben na súa época?
3. Que corrente poética axuda a potenciar a aparición desta obra?
4. Nos artigos que publica entre 1955 e 1965 que destacados trovadores estuda?
5. Na obra *Escolma de poesía medieval II*, que trovadores se mencionan?
6. Na mesma obra anterior, que tipo de textos atopa e publica Álvarez Blázquez?
7. En 1951 volve descubrir e publicar varios poemas. Quen é o seu autor? Cal é o título destes poemas?
8. Que é o *Cancioneiriño da Virxe*?
9. Indica títulos onde recollese literatura popular de tradición oral
10. En que obra estuda o autor homenaxeado topónimos?
11. Quen era Celso de Baión?

Para saber máis:

Agora tócache a ti, así que pon en marcha a túa autonomía e emprega todos os medios dos que dispoñas (libros, enciclopedias, Internet, etc.) para contestar o cuestionario e aprender algo máis!



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



1. Investiga e di algúns dos nomes de trovadores e xogares que recolle Álvarez Blázquez na súa obra *Escolma de poesía medieval I*.
2. Explica a razón de que o autor adaptase os textos da obra anterior á ortografía actual
3. Busca información sobre Martín Codax e pescuda:
 - a. A súa procedencia.
 - b. Como conservamos hoxe en día as súas sete cantigas.
 - c. Busca algunha das súas cantigas e intenta localizar elementos comúns nelas: protagonistas, ambientación, léxico...
4. Quen é Afonso X O Sabio? Que coñecida obra de temática relixiosa escribiu? En que lingua está escrita?
5. As panxoliñas de Nadal e Reis mantéñense hoxe na tradición popular. Investiga en que zonas de Galicia se seguen a cantar os Reis e en que consiste esta tradición.
6. En que editorial foi publicada a obra *Cancioneiriño da Virxe?*. Busca algunha cantiga que estea incluída nesta obra.
7. Pedro Amigo de Sevilla e Lopo Lías son dous trovadores que aparecen na obra *Escolma de literatura medieval I*. Busca información sobre eles e recolle algunha cantiga súa.
8. Os Séculos Escuros son un longo período, que séculos abarcan? Busca información e achega as principais causas que condicionaron este etapa da nosa cultura.
9. Que obras literarias coñecemos desta etapa escura escritas en galego?
10. Existen textos non literarios escritos en galego nos Séculos Escuros?
11. Indica que autores da literatura galega basearon as súas obras na literatura popular.
12. Ademais das citadas no cartel, que outras obras de tipo divulgativo da literatura popular publicou Álvarez Blázquez?
13. Na actualidade hai autores que divulgan literatura popular de forma oral. Poderías dicir algún nome.
14. Fai unha recolla dun conto de tradición oral que escoitaras na túa zona.
15. Por que escollería como pseudónimo Celso de Baión?
16. Razoa por que incluíría Álvarez Blázquez na *Galería de Gallegos Ilustres* a autores como Murguía, Rosalía, Sarmiento... Que outros autores incluíu nesta obra?
17. Indica dous topónimos do teu contorno dos que saibas o seu significado. Investiga se existen topónimos deturpados na túa zona.
18. Saberías dicir por que non saíu á luz a biografía de Bóveda cando Álvarez Blázquez a acabou de escribir.



CARTEL 8

OBRA NON LITERARIA (2)

ARQUEÓLOGO E HISTORIADOR

Con este segundo cartel da obra non literaria de Álvarez Blázquez, xa sabes que, ademais de mestre, escritor, político, empresario, etc., tamén foi non só investigador, compilador e editor, senón tamén arqueólogo e historiador. Nada menos!!!

Adestrando a memoria...

De seguido atoparás unha serie de preguntas coas que podes demostrar a cantidade de información que acumulaches coa simple lectura dun cartel. Empeza cando queiras!

1. En que cidade traballou o noso homenaxeado como arqueólogo? Con que nomeamento?
2. Que é o máis importante que descobre nas súas escavacións?
3. autor publica información sobre os seus achados nun xornal, en cal?
4. Cal é o contido do seu libro *La ciudad y los días*? Que período cronolóxico abarca?
5. En que anos publicou os seus textos de historia e arqueoloxía? En que lingua estaban escritos?
6. Quen colaborou con Álvarez Blázquez nalgúns traballos de arqueoloxía e noutros de historia?
7. Ademais das escavacións arqueolóxicas feitas en Vigo, que outros lugares estuda?
8. Que presenta o autor no libro *Inscripciones romanas de Galicia*?
9. Cando nomean a Álvarez Blázquez Cronista Oficial da Cidade de Vigo?
10. Onde se recollen os seus traballos sobre a prensa viguesa?
11. *La ciudad y los días* sae á luz como libro en 1960 pero, onde puido lerse antes?

Para saber máis:

Agora que xa está metido/a en materia, imos intentar ampliar a túa "sapiencia" polo biés do pequeno -ou non tan pequeno- cuestionario que che propoñemos a continuación.



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



1. Con quen publica Álvarez Blázquez a obra *Vigo arqueolóxico* en 1970?
2. Que descobre Álvarez Blázquez nas escavacións do Monte do Castro?
3. Investiga sobre o achado das laudas romanas na Rúa de Pontevedra. En que estado de conservación se atoparon? Por que estaban enterradas alí? Onde se poden ver na actualidade?
4. Investiga onde se encontraron restos arqueolóxicos na túa zona. De que época son? Como se chama o lugar onde se atoparon?
5. Que escavacións arqueolóxicas de relevancia hai en Vigo.
6. Sabes cal é a escavación arqueolóxica da Península Ibérica declarada
7. Patrimonio da humanidade pola Unesco? Que restos se atoparon nela?
8. Álvarez Blázquez descubriu laudas romanas en Vigo. En que outros sitios de Galicia se atoparon laudas? Describe brevemente como son as laudas e indica o seu significado.
9. Indica dez nomes de cidades, vilas ou aldeas galegas que teñan orixe romana.
10. Indica agora algún nome de vilas e aldeas que teñan orixe xermánica
11. Que significa o nome da cidade onde realizou Álvarez Blázquez o seu labor de arqueólogo? Sabes o que significa o topónimo do sitio onde ti vives?
12. Nomea localidades galegas onde se acharon petróglifos.
13. Existe o topónimo castro na túa zona? Averigua que presenza castrexa hai no teu contorno. Cales son as súas características e o seu estado de conservación?
14. Cando se comezou a publicar o xornal *Faro de Vigo*? E o resto de xornais galegos que aínda teñen tiraxe na actualidade?
15. Analiza o uso do galego nos principais xornais galegos.
16. Cal é a función dun cronista nun xornal?
17. Existe revista escolar no teu centro? Faise en galego? Nomea dez títulos de revistas escolares que estean escritas en galego.
18. Descubre cal é o primeiro feito histórico que se conta en *La ciudad y los días*.
19. Investiga cal é o dato histórico máis antigo da túa zona que aparece recollido por escrito.



CARTEL 9

EDITOR (1)

EDITORIAL MONTERREY

Pois si, tamén foi editor! Xa ves a cantidade de cousas que se poden chegar a facer nunha soa vida se se aproveita o tempo e se lle bota ganas e paixón ás cousas!

Adestrando a memoria...

Vexamos canto aprendiches sobre a faceta de editor do noso homenaxeado. Saberías...

1. A que se dedicaba a Almoneda Monterrey? Con quen a fundou Álvarez Blázquez?
2. Que obra de Cunqueiro publicou a Editorial Monterrey?
3. Que dúas obras de Rodríguez Mourullo viron a luz na Editorial Monterrey?
4. Cal é o título que se publica de Martín Torrado?
5. Quen é o autor da *Égloga de Belmiro e Benigno*? Que outra obra recupera Álvarez Blázquez do mesmo autor.
6. Cales dos títulos publicados na Editorial Monterrey son de Álvarez Blázquez? Cal era a temática desas obras?
7. En que radica a importancia da Editorial Monterrey?

Para saber máis:

Investigador ou investigadora, xa sabes que a partir de aquí tes que buscar a maneira de darlle solución ó que vén de seguido. Estás só ou soa perante a sabedoría. Adiante valente!!!

1. Das obras que se publican na Editorial Monterrey nos anos 50, cales pertencen a autores que xa non vivían daquela?
2. O labor da editorial Monterrey foi moi importante, pero destaca neste período a creación da Editorial Galaxia. En que ano se fundou? Quen participou na iniciativa?
3. Cal foi a primeira obra ensaística que publicou a Editorial Galaxia?
4. Galaxia permitiu a publicación dos novos autores a través dunha colección específica. Como se chamaba? Quen a dirixiu?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



5. Que era a revista *Grial*? Cando se publicou? Quen a prohibiu?
6. Cal foi a primeira obra publicada en galego na posguerra? Quen a escribiu? Onde se publicou?
7. Ademais da editorial Monterrey, houbo algunha outra editorial e/ou colección de poesía que sacou do prelo textos en galego antes de 1950. Cales?
8. Cal foi a primeira novela publicada na posguerra? Quen a escribiu?
9. Enumera os principais narradores de posguerra que eran da mesma xeración ca Álvarez Blázquez. Tivo algún deles relación directa con el?
10. Na editorial Monterrey publicáronse obras de narradores novos que comezaban a súa andaina literaria. Como se chamou a este grupo? Enumera os autores e cita títulos deles.
11. Na Editorial Monterrey publicouse *Cantiga nova que se chama Riveira*. Consulta un exemplar dese libro e indica a súa estrutura. A continuación escolle un poema e contrástao con algún de Álvarez Blázquez.
12. Otero Pedrayo era xa un autor consagrado cando publica na Editorial Monterrey. Fai unha síntese da obra literaria deste autor. Publica outras obras durante o período en que está en activo a Editorial Monterrey?
13. Investiga a quen corresponde o pseudónimo Ben-Cho-Sey.
14. Unha das primeiras obras que se publican na Editorial Monterrey era de A. Casas. Investiga quen era este autor e faille unha breve biografía.
15. Cal é o tema do *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*? En que data se escribiu?
16. Busca información sobre Martín Torrado. Coñécese algunha obra máis del?
17. Que é unha égloga? Onde naceu o autor da que se publica na Ed. Monterrey? Cal era o seu segundo apelido?
18. Investiga onde localizou o noso homenaxeado as poesías de N. Pastor Díaz
19. Cal é a temática de *Nasce un árbore*? Sinala que características desta obra coinciden coas de Ferrín da mesma época.
20. Ordena cronoloxicamente os autores que publicaron en galego na Editorial Monterrey.
21. Ademais dos títulos en galego que aparecen no cartel, a Editorial Monterrey sacou outros en castelán. Investiga de que obras se trata.



CARTEL 10

EDITOR (2)

EDICIÓNS CASTRELOS

Case resulta increíble a cantidade de cousas que fixo Álvarez Blázquez a prol da literatura galega na súa faceta de editor, que, como xa puidiches comprobar, segue adiante coa fundación de Edicións do Castro.

Adestrando a memoria...

Vexamos canto máis aprendiches sobre a faceta de editor do noso homenaxeado. Saberías...

1. Que coleccións saíron en Edicións Castrelos?
2. Cal foi a actividade principal de cada unha destas coleccións?
3. Que título leva a primeira e máis exitosa obra publicada na colección O Moucho?
4. Que autores foron publicados en Pombal?
5. Edicións Castrelos tamén publicou a poetas novos. En que coleccións saíron recollidos?
6. Esta editorial distribúe algún títulos de forma clandestina. Que quere dicir isto? Onde foran publicadas estas obras?
7. Como conseguiu Álvarez Blázquez que as obras das coleccións Moucho e Pombal chegasen a un amplo abano de poboación?
8. *O catecismo do labrego* e *Barriga Verde* foron dúas publicacións que saíron á luz na colección O Moucho. Quen eran os autores?
9. Quen era o tío Marcos da Portela?
10. Como era o anagrama da colección O Moucho? Onde se podía ver nos libros?
11. Cando fechou Edicións Castrelos? Quen se fai cargo dos seus fondos?

Para saber máis:

Agora podes botar man de todo canto che poida axudar a coñecer os datos que che pedimos e a ver se de paso podes atopar algo que che resulte interesante e incluso apaixonante. Quen sabe? Todo é posible, ou non?



Día das Letras Galegas 2008
Xosé María Álvarez Blázquez
GUÍA DIDÁCTICA



1. Sabes a que prezo se venderon os libros da colección O Moucho?
2. Liches *Barriga Verde*? Se non é así, tenta investigar o contido da obra. Indica en dúas liñas algúns trazos biográficos do autor. Cita algunha outra obra súa.
3. Localiza algún libro da colección O Moucho e indica cales eran as súas medidas.
4. Na colección Pombal de Edicións Castrelos distribuíronse títulos dos tres autores do Rexurdimento. Saberías indicar todos os títulos das obras en galego destes tres persoeiros?
5. Investiga o argumento do libro publicado en Edicións Castrelos: *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* de Alonso Ríos.
6. Álvarez Blázquez tivo unha relación especial con Celso Emilio Ferreiro. Investiga de onde veu a súa amizade.
7. Indica as obras máis salientables de Celso Emilio Ferreiro. Está algunha publicada nas editoriais que dirixiu Álvarez Blázquez?
8. Que autor mindoniense publicou obras narrativas na posguerra? Cal era a súa temática? En que editorial se publicaron?
9. Blanco Amor publicou a *Esmorga* nos anos 50 do século XX. En que editorial? Escribira antes desta obra outras en galego?
10. Este autor tamén tivo relación coa actividade editorial. Investiga algo sobre esta cuestión.
11. En 1953 publícase unha obra ambientada na Galicia rural da alta montaña luguesa, concretamente nas terras do Courel e do Incio. De que obra falamos? Por que o autor sitúa os contos no Courel?
12. O autor da obra anterior estivo ligado na súa mocidade a que partido político?
13. Cales foron os títulos de Sófocles e Homero publicados en Edicións Castrelos? Coñeces algunha obra máis destes autores?
14. Que título de Martínez Oca se publicou na colección Pombal? E de Castelao?
15. Que editoriais galegas existen na actualidade en Galicia?
16. De que editorial é o libro de ficción que estás lendo ou liches nas últimas semanas en galego? E en castelán?